

TEMA 3: A REVOLUCIÓN INDUSTRIAL E O MOVEMENTO OBREIRO

0. INTRODUCCIÓN:

- Concepto: é o conxunto de transformacións económicas que tiveron lugar en Inglaterra durante a segunda metade do século XVIII e que se expande por Europa e outras zonas do mundo durante o século XIX.
 - Transformacións
 - Cambios na agricultura.
 - Crecemento demográfico.
 - Maquinismo.
 - Novas fontes de enerxía.
 - Cambios económicos e sociais.
- 
- Consecuencias:
 - Paso de dunha economía agraria a outra industrial.
 - Substitución do sistema de produción artesanal polo fabril.
 - O emprego de novas fontes de enerxía.
 - O desenvolvemento dos transportes que impulsa o comercio.
 - Os cambios na organización do traballo que permiten un aumento da produción e do consumo.

1. CAUSAS OU FACTORES da REVOLUCIÓN INDUSTRIAL:

- A Revolución Agraria:
 - Desenvólvese en Inglaterra durante a primeira metade do século XVIII.
 - Causas:
 - Sistema Norfolk.
 - Innovacións e melloras técnicas e instrumentais.
 - Cambios na propiedade da terra (cerramentos).
 - Consecuencias:
 - Maior produción de alimentos.
 - Especialización produtiva.
 - Excedente de man de obra (provoca o éxodo rural).
 - Incremento das rendas dos propietarios agrícolas (que invirten na industria).
- A Revolución Demográfica:
 - Desenvólvese en Europa desde mediados do século XVIII.
 - Causas:
 - Descenso da mortalidade (polas melloras hixiénicas, sanitarias e alimenticias).
 - Mantemento dunha alta natalidade.
 - Consecuencias:
 - Aumento da man de obra.
 - Incremento da demanda.
 - Crecemento das cidades.
 - Emigración transoceánica.

2. A PRIMEIRA REVOLUCIÓN INDUSTRIAL:

- Iniciase en Inglaterra desde finais do S. XVIII e dura ata finais do S. XIX.

- Vantaxes do Pioneiro:

- Sistema político parlamentario e estable.
- As transformacións agrícolas.
- O crecemento da poboación.
- As innovacións tecnolóxicas.
- Dispoñibilidade de materias primas e fontes de enerxía.
- Amplo mercado interior e exterior.
- Moderna rede de comunicacións.
- Burguesía emprendedora.
- Rede bancaria desenvolvida.

- Sectores básicos:

- Téxtil do algodón:

- Factores favorables:


- Dispoñibilidade de materias primas.
- Prohibición de importación de indianas.
- Escasa especialización, que favorece a introdución da maquinaria.
- Dureza da fibra, que favorece a mecanización.

- Innovacións

- Fiado: Spinning jenny, Mule jenny, Water frame.
- Tecido: lanzadeira volante de Kay e tear mecánico de Cartwright.

- Consecuencias:

- Aumento da produción.
- Diminución dos prezos.
- Aumento da demanda.



3. LIBERALISMO ECONÓMICO e CAPITALISMO:


- Liberalismo económico:
 - Xurde a finais do século XVIII en Inglaterra (A. Smith, D. Ricardo, R. Malthus).
 - Características:
 - Non intervención estatal na economía.
 - A liberdade persoal e o interese individual son os motores da economía.
 - Lei da oferta e a demanda como reguladora dos prezos.
 - Liberdade de comercio e libre competencia.
 - A. Smith: defende a división do traballo e a especialización produtiva como medio de aumentar a produción.
- Capitalismo:
 - Inspirase no liberalismo económico.
 - Desenvólvese a partir do século XVIII e XIX.
 - Principios básicos:
 - Defensa da propiedade privada.
 - Libre iniciativa privada ou Liberdade de empresa.
 - Liberdade de mercado ou librecambismo.
 - Expansión do capitalismo: (capitalismo financeiro)
 - Concentración de empresas (Cárteles, Trust, Holdings).
 - Aparición de Sociedades Anónimas e da Bolsa.
 - Desenvolvemento bancario.
 - Consecuencias:
 - División social.
 - Busca do máximo beneficio e acumulación crecente de capital.
 - Crises periódicas de superprodución.


4. TRANSFORMACIÓNS SOCIAIS:

- Sociedade de clases:
 - Formada por grupos abertos.
 - Establécense en función da riqueza.
- Grupos sociais:
 - Burguesía.
 - Clases medias.
 - Proletariado.
- Sociedade urbana:
 - Como consecuencia do éxodo rural crecemento das cidades.
 - Segregación urbana en función do grupo social.
Barrios obreiros vs ensanches burguesía.

5. A SEGUNDA REVOLUCIÓN INDUSTRIAL:

- **CONCEPTO:** denomínase así a un segundo ciclo industrializador que se desenvolve entre finais do século XIX e principios do século XX (1870-1914) en Europa Occidental, EE.UU. e Xapón, que se caracteriza por una serie de cambios profundos.





6. O MOVEMENTO OBREIRO:

- **CONCEPTO:** é a loita dos obreiros organizados para conseguir a mellora de súas condicións laborais e de vida e a transformación da sociedade capitalista noutras novas formas de organización.

- **ORIXES:**
Ata mediados
do século XIX

- Ludismo (xurde en 1811). Movemento espontáneo de destrución de máquinas, porque eliminaban a man de obra e empeoraban as condicións laborais dos traballadores.
- **Cartismo** (a mediados do século XIX): Movemento no que se unen as reivindicacións políticas e as sociais (sufraxio universal, voto secreto, soldo para os deputados...). O seu nome procede da Carta do Pobo (1838).
- **Sociedades de Socorro Mutuas:** asociacións de axuda mutua en casos de enfermidade, accidente, invalidez ou vellez.
- **Sindicatos ou Trade Unions** (desde 1824): agrupacións obreiras de traballadores de distintos oficios, posteriormente comenarán a agrupar a traballadores por sectores, que solicitaban melloras laborais mediante folgas ou mobilizacións. Foron recoñecidos a partir de finais do século XIX.

- **SOCIALISMO:**

- **Utópico:** primeira metade do século XIX
 - Dentro desta tendencia agrupanse voces críticas que denuncian as inxustizas do capitalismo e plantean sociedades ideais ás que se chega mediante a transformación social pacífica.
 - Imaxinan solucións ideais: propoñen a creación dunha sociedade fraternal e solidaria que fomente o cooperativismo e a propiedade colectiva, que eviten a inxustiza social e cree una sociedade máis igualitaria.
 - Fixanse nos efectos do capitalismo máis que nas súas causas.
 - Destacan Saint-Simon, R. Owen e Fourier, que levan a cabo experiencias colectivistas e igualitarias que fracasan.
- **Científico ou marxista:** desde mediados do século XIX
 - K. Marx e F. Engels realizan un estudio profundo da sociedade capitalista a fin de combatela (“O Manifesto Comunista”, “o Capital”).
 - Conciben a sociedade como unha loita de clases (burgueses e obreiros).
 - As causas da miseria do proletariado atópanse na “plusvalía”, diferenza entre o salario que o obreiro recibe polo seu traballo e o valor que produce, da que se apropia o burgués propietario dos medios de produción.
 - Falan da necesidade de levar a cabo unha revolución proletaria, que estableza una ditadura do proletariado que implante a propiedade colectiva dos medios de produción para chegar á sociedade comunista, aquela na que non existen as clases sociais nin o Estado.

- **ANARQUISMO:** 
 - Corrente obreira contraria á sociedade capitalista e oposta a todo tipo de autoridade.
 - Destacan Proudhon, Bakunin e Koprotkin.
 - Ideario:
 - Defenden a propiedade colectiva e negan a propiedade privada.
 - Son contrarios a intervención en política e a existencia do Estado.
 - Defenden a Liberdade e a igualdade humana, así como a axuda mutua e a cooperación.
 - Defenden como medios de loita: a folga xeneral e as accións violentas.
 - Correntes
 - Violenta: defendían a acción individual ou de pequenos grupos como medio de difundir as ideas anarquistas e acabar co sistema capitalista e levar ás masas a unha revolución.
 - Anarco-sindicalista: emprega o sindicalismo para difundir o ideario anarquista entre os obreiros.
 - Teñen gran influencia en Rusia, Italia e España (non buscan só a acción dos obreiros, senón tamén a unión con campesiños, estudantes...).

- **INTERNACIONAIS OBREIRAS:**

- **A.I.T. ou Primeira Internacional:**
 - Fundada en Londres por obreiros británicos e franceses en 1864.
 - Importante papel de K. Marx (Manifesto e Estatutos).
 - Terá unha gran influencia sobre os traballadores. e conseguirá algunhas reformas sociais, a regulación do dereito de folga e a permisividade da existencia das organizacións obreiras.
 - Discrepancias entre:
 - 🌐 marxistas (partidarios da intervención na vida política e da creación de partidos obreiros) e anarquistas (contrarios á intervención en política e partidarios da insurrección e o colectivismo)
 - 🌐 En 1871 prodúcese a derrota da Comuna de París e a represión das organizacións obreiras.
 - Disólvese en 1876.
- **A Segunda Internacional:**
 - Xurde en París en 1889 como asociación de partidos socialistas que se fundaran en diferentes países. Os anarquistas son expulsados.
 - Aparecen dúas tendencias:
 - 🌐 a ortodoxa ou radical: partidaria de acabar co capitalismo a través da revolución obreira (*Rosa Luxemburgo*). *Dará lugar a aparición dos partidos comunistas.*
 - 🌐 a revisionista ou reformista: partidaria da participación dos traballadores na vida parlamentaria e de alianzas con partidos non obreiros para conseguir reformas sociais (*Eduard Bernstein*). *Da lugar a aparición dos partidos socialistas ou socialdemócratas.*
 - A súa fin é froito da Primeira Guerra Mundial e da Revolución Soviética
 - Entre 1918 e 1923: os membros máis radicais dos partidos socialistas crean en Europa Occidental os principais partidos comunistas (en España en 1921).
- **Terceira Internacional ou Internacional Comunista:**
 - Xurde tras a Revolución Soviética (1919) é alentada pola URSS, que é vista como un espello para todos os traballadores do mundo.
 - Promoven a creación de partidos comunistas.
 - Disólvese en 1943, durante a Segunda Guerra Mundial.

- **PRIMEIROS PARTIDOS OBREIROS E SINDICATOS:**

- Alemaña: Partido Socialdemócrata (SPD), 1875.
- España: PSOE (1879) e posteriormente a UXT (1888).
- Francia: Sección Francesa da Internacional Obreira (SFIO), 1905.
- Gran Bretaña: Partido Laborista (1906).